EN RUTA

POLA COSTA NOROESTE

ARES ■ CARIÑO ■ CEDEIRA ■ CERDIDO ■ FENE ■ FERROL
MAÑÓN ■ MUGARDOS ■ NARÓN ■ NEDA ■ ORTIGUEIRA ■ VALDOVIÑO

EN RUTA

POLA COSTA NOROESTE

Edición: Asociación Costa Noroeste
Deseño de contidos e cartografía: ARESTA Ingeniería
Fotografía: Aresta ingeniería e Ovidio Aldegunde
Produción: Item-Aga
Depósito legal: C 1488-2011

ÍNDICE

Presentación 4

Mapas de rutas 6

Introdución 8

Ruta 1
Ferrol pola costa 11

Ruta 2
Entre rías 21

Ruta 3
Ruta de Santo André 31

Ruta 4
Ruta atlántica 41

Ruta 5
Ruta do medievo 51

Ruta 6
Ruta da Capelada 61

Ruta 7
Ruta do Norte 71

Ruta 8
Ruta do Río Sor 81

Establecementos de hostalería 90
Directorio aportado pola Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e Comarcas e a Asociación para o Desenvolvemento do Turismo de Ortegal

Tes nas túas mans unha guía que, mediante 8 itinerarios propostos, coas súas respectivas rutas a pé, pretende axudarche a percorrer pola túa conta e ao teu aire este recuncho do noroeste galego, a COSTA NOROESTE.

Cada itinerario contén un mapa de ruta, unha breve descrición do que verás, que che servirá para ter unha idea rápida do que vas ver, unha explicación dos fitos máis importantes do itinerario e unha descrición da ruta a pé proposta.

Ao final recóllese unha relación dos elementos patrimoniais de interese que atoparás en cada itinerario, así coma unha lista de aloxamentos, bares e restaurantes.

Vista de Doniños dende Monteventoso

Todo isto coa finalidade de facilitarche a viaxe e aportar propostas frescas e segredos destas terras ás que pola complexidade do entramado de estradas non sempre é fácil chegar.

Engadimos pequenas rutas, a maioría delas para percorrer en pouco tempo e con calzado normal coa idea de animar a estirar as pernas sen temor a non saber voltar.

Con este espírito deseñamos e redactamos a guía, e oxalá gocedes tanto percorrendo estas paraxes coma os que as coñecemos ben e as amamos.

Boa viaxe!!

MAPA DE RUTAS

CARIÑO
CEDEIRA
CERDIDO
ORTIGUEIRA
MAÑON
MOECHE
AS SOMOZAS
PROVINCIA DE LUGO
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
RUTA 1
RUTA 2
RUTA 3
RUTA 4
RUTA 5
RUTA 6
RUTA 7
RUTA 8
0
3,75
7,5
15
Kilómetros

É un pracer para a Asociación Costa Noroeste ofrecer á cidadanía, xa sexa aos veciños e veciñas de cada un dos doce concellos que integran o territorio, como aos viaxeiros que o visitan, unha guía con diferentes itinerarios para coñecer mellor os recursos naturais, patrimoniais, artísticos, gastronómicos e de todo tipo que caracterizan este extenso espazo por descubrir ao noroeste de Galicia.

Este traballo conta para a súa distribución coa inestimable colaboración da Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e Comarcas e a Asociación para o Desenvolvemento do Turismo de Ortegal, integradas nunha das seis Mesas nas que se estrutura a participación das entidades incluídas no Grupo de Desenvolvemento Rural Asociación Costa Noroeste. Esta colaboración, na difusión e distribución, xunto co financiamento procedente do Programa Leader de Galicia 2007-2011, posibilitou o desenvolvemento dunha campaña de comunicación dos recursos turísticos dos concellos de Costa Noroeste –Ares, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Valdoviño–, que consistiu na edición de diverso material divulgativo e promocional

Fortaleza no Cabo Prioriño. Porto exterior

cuxo obxectivo é dar a coñecer o seu inmenso patrimonio natural e monumental e, deste xeito, contribuír á promoción territorial, un dos eixos estratéxicos que rexen as actuacións a desenvolver polo GDR Costa Noroeste, na súa xestión dos fondos europeos do Leader Galicia 2007-2013 para este extenso territorio.

A guía, xunto co restante material promocional, estrutúrase en torno a oito rutas ou itinerarios para percorrer a pé ou en coche ao longo do medio rural destes doce concellos. Cada unha das rutas contén unha breve descrición xeral, cartografía específica e información relativa aos elementos patrimoniais e os espazos naturais de interese, así como unha listaxe dos establecementos de hostalería, restauración e produtos típicos dispoñibles en cada unha das rutas.

A Asociación Costa Noroeste reforza deste xeito o aproveitamento endóxeno dos espazos rurais do territorio de actuación, co obxectivo de acadar máis benestar para a poboación a través da dinamización e a diversificación da economía rural que redunde na mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

Faro de Cabo Prior. Covas

RUTA 1
FERROL POLA COSTA

Este camiño, que discorre practicamente na súa totalidade pola fronte marítima de Ferrol, permítenos admirar os cantís percebeiros, os extensos areais e sistemas dunares, así como a Lagoa de Doniños, espazos agrestes e naturais protexidos todos eles pola Rede Natura 2000.

N
OCÉANO ATLÁNTICO
ERMIDA DE SANTA COMBA
O Vilar
A Pedreira
A Aldea
Covamadeira
Rayón
Río
Ruxundo
Cha
Lodeiro
Viaia
Bustelo
Vila de Arcos
Vila da Igreja
Pazos
Vilar
Donillos
Valor
O Coto
A Malata
Fonda
A Cabana
Ferrol
Seixo
A Graña
San Felipe
Mugardos
RIA DE FERROL
Chanteiro
Anca
0
1,25
2,5
5
Kilómetros

01. Diríxete cara ao noroeste no Paseo de Mariña cara á Rúa Carmen Curuxeiras	21 m
02. Na rotonda, toma a primeira saída en dirección Acceso Norte	450 m
03. Toma a saída cara A Malata	170 m
04. Na rotonda, toma a segunda saída en dirección Acceso Norte ata chegar a outra rotonda	1000 m
05. Na rotonda toma a segunda saída cara A Cabana	280 m
06. No seguinte cruce xira á esquerda cara á Estrada da Cabana (A GRAÑA)	1700 m
07. Continúa por Rúa Real Baixa	280 m
08. Xira á dereita pola Rúa Santiago seguindo a indicación a San Felipe	200 m
09. Continúa por Estrada da Cabana (SAN FELIPE)	2300 m
10. Diríxete cara ao oeste	1900 m
11. Continua recto pola AC-3613 (SAN CRISTOVO)	600 m
12. Dirixete cara ao oeste por AC-3613. O destino está á esquerda (CARIÑO)	1900 m
13. Diríxete cara ao nordeste por AC-3613	1200 m
14. Xira á esquerda para continuar por AC-3613	700 m
15. Xira lixeiramente á esquerda para continuar en AC-3613	1600 m
16. Permanece na Estrada principal (CABO PRIORIÑO)	1800 m
17. Volve cara atrás pola AC-3613	1800 m
18. Xira á esquerda (O PIEIRO)	190 m
19. Continua recto pola AC-3613	4100 m
20. Diríxete cara ao nordeste	53 m
21. Xira cara á esquerda	600 m
22. Diríxete cara ao oeste	450 m
23. Xira lixeiramente á dereita	550 m
24. Diríxete cara ao norte bordeando o Lago	
25. Xira á esquerda (MIRADOIRO ADOLFO ROS)	1160 m
26. Diríxete cara ao norte pola estrada (PRAIA DE DONIÑOS)	850 m
27. Diríxete ao norte (VILA DE AREA)	
28. Diríxete cara ao nordeste ata AC-3607	3 m
29. Xira á esquerda	22 m
30. Toma a 1ª á dereita (PRAIA DE SAN XURXO)	1000 m
31. Diríxete cara ao surleste	1000 m
32. Xira á esquerda cara AC-3607	22 m
33. Xira á esquerda para continuar por AC-3607	600 m
34. Toma a 2ª á esquerda e permanece en AC-3607	2200 m
35. Continúa pola estrada de San Xurxo	1700 m
36. Xira á dereita	500 m
37. Xira á esquerda	850 m
38. Xira á dereita (FARO DE COVAS)	2700 m
39. Diríxete cara ao surleste	2700 m
40. Pasando a igrexa, no seguinte cruce, xira á esquerda	1900 m
41. Xira á dereita seguindo a indicación de Ermida de Santa Comba	400 m
42. Na bifurcación Santa Comba-Ponzos xira á esquerda (SANTA COMBA)	1400 m
43. Diríxete cara ao surleste	1500 m
44. Toma a 2ª á dereita cara AC-3603	450 m
45. Xira lixeiramente á esquerda ata AC-3603	900 m
46. Xira á esquerda para continuar pola AC-3603 (Estrada de Covas)	4700 m
47. Xira á dereita (CHAMORRO)	1000 m
48. Diríxete cara ao nordeste rumbo AC-3603	1000 m
49. Xira lixeiramente á dereita ata AC-3603	700 m
50. Toma a 3ª á esquerda e permanece na AC-3603	450 m
51. Toma a 2ª á dereita ata Av. do 19 de febreiro	850 m
52. Continúa ata a rotonda e toma a segunda saída (A MALATA)	7 m
53. Bordeando o paseo da Malata ao chegar á rotonda sigue recto tomando a primeira saída	500 m
54. Tomar o desvío cara á esquerda de incorporación ao acceso norte seguindo as indicacións ata o porto de Ferrol (PASEO DE MARIÑA - PUNTO DE PARTIDA)	1500 m

Duración total da ruta:	**aprox. 1 h 30 min.**
Distancia total da ruta:	**aprox. 59 Km.**

A Graña: Núcleo urbano de empinadas e estreitas rúas con tradición mariñeira, posto que foi alí onde se instalaron os primeiros estaleiros (*Estaleiros da Graña*) da Ría, e onde a Mariña fixou unha importante base naval. Atopamos tamén o pequeno *Porto da Graña* polo que pasear mirando as embarcacións e mesmo pescar uns choquiños, e unha praia tranquila axeitada para os máis pequenos.

San Felipe: Pequena aldea mariñeira con moito encanto, de rúas moi estreitas polas que deberemos circular con precaución. Atravesámola e chegamos ao *Castelo de San Felipe*, antiga fortaleza do S. XVI construída por Felipe II e que xunto co Castelo da Palma, situado en fronte, constituían a defensa principal da Ría. A Ría de Ferrol foi durante moito tempo un enclave militar estratéxico a protexer por albergar os estaleiros militares, motivo polo cal a costa está salferida por numerosas baterías militares, antigas e modernas. Pódese visitar previo pagamento dunha cantidade simbólica. Continuamos pola estrada dirección San Cristovo, circulando paralelos á Ría, obtendo unhas magníficas vistas sobre a súa estreita entrada, e entenderemos porqué na linguaxe mariñeira se coñece como a “boquita de piñón”.

Praia de Doniños. Lumebó

Temos a opción así mesmo de facer este percorrido a pé, polo sendeiro recentemente adecuado, dende un pouco máis enriba do castelo, ida e volta (arredor dunha hora e media) ou que o condutor nos deixe e nos recolla no Miradoiro de San Cristovo (45 minutos).

Castelo de San Felipe

Lagoa de Doniños

San Cristovo: Conxunto de casas de aldea que flanquean a estrada, onde podemos ver o mar e as obras do Porto Exterior de Ferrol, cun dique de 1 km de longo.

Monteventoso: Antigo observatorio meteorolóxico con excelentes vistas, ao norte o areal de Doniños e a súa Lagoa, máis aló Cabo Lobadiz e a mole granítica do Cabo Prior. Ao sur o Cabo Prioriño, o Porto Exterior e máis aló A Coruña e a súa Torre de Hércules, marcando o inicio da Costa da Morte. Aínda que se pode subir pola estrada, recomendamos deixar o coche no último tramo, polo mal estado do firme.

Cabo Prioriño Chico: Este lugar é un dos favoritos entre os ferroláns para vir en días de tormenta, nos que a mar escura empréndea unha e outra vez contra os acantilados mostrando toda a súa furia. Dende o seu faro (*Faro de Prioriño Chico*) en días claros permite ver A Coruña e amosa un mar dócil e azul. Podemos visitar a reconstrución da *Batería de Viñas* e o *Centro de Interpretación do Cabo Prioriño*.

Val e Lagoa de Doniños: Paisaxe de ensoño, cos seus prados fértiles e a súa lagoa de auga doce, flanqueada

Praia de Santa Comba, Covas

no seu encontro co mar polas dunas de Doniños. Tamén é moi interesante observar as numerosas aves migratorias que fan parada na lagoa no seu percorrido de migración, constituíndo unha zona declarada de especial interese (RAMSAR).

Praia de Doniños: Deixando atrás a Lagoa remontamos unha pendente e atopamos Punta Penencia, cunha pequena área de esparexemento con paneis interpretativos onde podemos deixar o coche e saír a estirar as pernas e a respirar salitre co espectacular *areal de Doniños* aos nosos pés, *e un paseo entre as dunas que podemos percorrer por unha pasarela de madeira (30 minutos i/v).*

Praia de San Xurxo: podemos deixar o coche no estacionamento e *seguir camiñando por unha pista de terra que bordea a costa flanqueada por piñeiros e con vistas ás fermosas calas de auga turquesa ata chegar a Punta Herbosa, nun paseo duns 15 minutos, admirándose dende alí o arco do areal de San Xurxo fechado polo impoñente Cabo Prior ou* observar a grandeza dun dos mellores areais de Ferrol dende o mesmo acceso á praia.

Cruceiro e ermida de Chamorro

Cabo Prior: O Cabo Prior ofrécenos unha das mellores panorámicas de Ferrol, sendo un dos seus enclaves máis emblemáticos. Os que non teñan vertixe poden baixar polo acantilado ata a *Serea do Cabo Prior*, *baixando polas escaleiras excavadas na rocha con moita precaución, empregando apenas 5 minutos.*

Santa Comba: Santa Comba é un dos segredos mellor gardados da costa ferrolá. É unha ermida de século XII recentemente restaurada situada nun enclave de fábula. Accédese a ela só en marea baixa, posto que se atopa nunha illa. *Báixanse as escaleiras ata a pequena praia e vólvese subir as da illa, que se pode bordear na súa totalidade, dedicando apenas un cuarto de hora de duración vixiando sempre que non volva subir a marea ¡¡¡posto que ata 8 horas máis tarde non poderiamos volver!!!*

Ermida de Chamorro: A Virxe de Chamorro, patrona da cidade, ten a súa ermida protexida dos ventos do norte e das inclemencias do mar, abríndose á fértil Ría de Ferrol, obtendo unha espectacular panorámica dos prados, a cidade, o porto, os estaleiros… e toda a ría. A súa concorrida romaría celébrase o Luns de Pascua.

RUTA A PÉ A PÉ POLO CHA DE BRIÓN

Pequena ruta sinalizada 4 km que nos permite dende as alturas do Chá de Brión dominar as panorámicas aos 4 ventos e coñecer, a través dos paneis interpretados o pasado neolítico de Ferrol, e a batalla contra os ingleses que tivo lugar nestes lares.

Distancia: 4,3 Km
Ascenso acumulado: 113 m
Altura máxima: 245 m
Pendente media de subida: 9,2%
Pendente máxima de subida: 19%
Tempo estimado a pé: 1h 30 min



A Graña

RUTA 2
ENTRE RÍAS

Ruta principalmente costeira que permite gozar de amplas visuais sobre as dúas rías, a industrial e poboada de Ferrol e a amable verdeazul de Ares. Ao final do percorrido levaremos na retina castelos, mosteiros, pontes medievais, muíños, pequenas aldeas pesqueiras con encanto e numerosas construcións indianas e modernistas, ademais dunha morea de pequenas igrexas parroquiais e miradoiros espectaculares sobre os cantís do Atlántico.

1. Diríxete dirección ao surleste cara á Rúa Real	5 m
2. Sae da rotonda pola Av. de Galicia	160 m
3. Diríxete cara ao sur pola Av. de Galicia dirección Rúa Cano/AC-131	5 m
4. Xira á dereita cara á Rúa Cano/AC-131. Continúa pola AC-131	1000 m
5. Diríxete cara ao oeste pola Alameda Baño	250 m
6. Diríxete ao surleste en Alameda Baño cara á AC-131	21 m
7. Diríxete ao oeste en AC-131 ata AC-0402/AC-0403 (Castelo da Palma)	1500 m
8. Diríxete ao nordeste en AC-131 cara á Alameda Redonda	450 m
9. Xira lixeramente a dereita cara á Rúa Palma/AC-131. Continúa dirección AC-131	350 m
10. Xira á dereita	800 m
11. Continuar recto e tomar a primeira saída á dereita	
12. Sigue recto (Mosteiro de Santa Catalina)	240 m
13. Avanza ata o cruce e xira á dereita (Batería de pena Bailadora)	544 m
14. Retrocede ata o cruce e xira á dereita	330 m
15. Continua ata o final da estrada sen coller ningún desvío (Batería de Montefaro)	80 m
16. Retrocede ata o mosteiro de Sta. Catalina e continúa ata o cruce	534 m
17. Xira á dereita. Continúa sen desviarte ata o cruce	1900 m
18. Xira á esquerda	100 m
19. Xira á esquerda e continúa ata a praia (Chanteiro)	600 m
20. Diríxete ao nordeste	600 m
21. Xira lixeiramente á esquerda cara ao nordeste AC-0402	2100 m
22. Continúa recto cara á AC-0402	1900 m
23. Xira á dereita cara á Rúa Celso Emilio Ferreiro	150 m
24. Xira á esquerda cara á Rúa Celso Emilio Ferreiro	500 m
25. Toma a 3ª á esquerda ata a Rúa Celso Emilio Ferreiro	350 m
26. Diríxete cara ao sur por Av. Mugardos/AC-130 cara á rúa Médico Ramón Pimentel Núñez	88 m
27. Xira lixeiramente cara á dereita en dirección rúa Rectoral	6 m
28. Diríxete cara ao norte en rúa Rectoral cara á Av. Mugardos/AC-130	6 m
29. Xira totalmente á dereita cara á Av. Mugardos/AC-130	53 m
30. Xira á dereita cara á rúa María	16 m
31. Diríxete cara ao sur en rúa María cara á rúa San Simón	270 m

32. Diríxete cara ao leste en praza da Igrexa cara á rúa Real	110 m
33. Xira á dereita cara á Avenida de Saavedra Meneses	14 m
34. Diríxete ao sur pola Av. de Saavedra Meneses cara á Rúa dos Mártires (Porto de Ares)	700 m
35. Diríxete cara ao oeste	500 m
36. Continúa recto cara á Av. de Saavedra Meneses	220 m
37. Xira á esquerda cara á Praza da Igrexa	83 m
38. Xira á dereita cara á Rúa Real	280 m
39. Xira á esquerda cara á Rúa Sta. Bárbara	57 m
40. Xira á esquerda cara á Rúa Sta. Bárbara	5 m
41. Toma a 1ª á dereita cara á Rúa de Sta. Bárbara	26 m
42. Diríxete ao nordeste cara á Rúa de Sta. Bárbara	8 m
43. Xira á esquerda cara á Rúa de Sta. Bárbara	8 m
44. Toma a 1ª á dereita ata a Rúa de Sta. Bárbara	350 m
45. Continúa por Av. de Redes/AC-123	300 m
46. Na rotonda toma a segunda saída dirección Rúa de Castelao/AC-0401	700 m
47. Diríxete ao leste polo Lugar de Seselle/AC-0401. Continúa cara AC-0401	2600 m
48. Xira á dereita en AC-124	210 m
49. Diríxete ao surleste por Rúa do Medio	61 m
50. Continúa recto cara á Av. Gaspar Rodríguez (Redes)	86 m
51. Retrocede por AC-124 e no segundo desvío á esquerda	350 m
52. Xira á dereita cara á Estrada Mugardos	91 m
53. Xira á dereita incorporándote á Estrada Mugardos	
54. Continúa pola Rúa Camiño Grande ata a rotonda	1253 m
55. Tomar a segunda saída dirección Lugar de Abeleira	375 m
56. Xira lixeiramente á dereita e seguir sen desviarse pola Estrada de Palma (Muíño río Baa)	1500 m
57. Continuar pola Estrada de Palma/AC-133 sen desviarse ata o cruce con Av. das Pías/N-651	4000 m
58. Xira á dereita incorpórate á N-651	50 m
59. Toma o primeiro desvío á esquerda (Museo do humor)	85 m

Duración total da ruta: **aprox. 50 min.**
Distancia total da ruta: **aprox. 28,50 Km.**

Mugardos: Iniciamos a ruta nesta mariñeira vila dúas veces real. Recomendamos percorrer o seu agradable paseo marítimo, onde uns telescopios sobre a ría e uns paneis interpretativos a modo de museo ao aire libre irannos contando a historia de Mugardos: dende as súas vilas romanas ata as súas lanchas, pasando polas mariscadoras, as conserveiras catalás, as súas aves e demais fauna. É máis que oportuno visitar Mugardos á hora de xantar (ou cear) e deixarse caer por calquera dos seus mesóns e degustar o Polbo á Mugardesa ou en calquera das súas acepcións…¡¡en Mugardos pódese aceptar polbo como animal de compaña sen temor a trabucarse!!

Castelo da Palma: Impoñente fortaleza do S.XVI construída por Felipe II que xunto co Castelo de San Felipe, ao outro lado da Ría, e o de San Martiño, hoxe en ruínas, pechaban o paso a calquera visitante con malas ou dubidosas intencións (contan que cunha cadea de castelo a castelo), formando o chamado "*Triángulo do fogo*". Na segunda metade do S.XX serviu de penitenciario, sendo aquí onde cumpriu parte da súa condena o autor do golpe de estado de 1982 Antonio Tejero. Na actualidade non se per-

Vista de San Felipe dende Montefaro

mite a súa visita, pertencendo a mans privadas co proxecto de albergar un hotel balneario de luxo e centro de convencións...*(Ver ruta a pé proposta).*

Mosteiro de Santa Catalina: Mosteiro fundado en 1145 de factura románica moi desvirtuada polas sucesivas reformas posteriores no século XVIII, e pola súa adaptación a usos militares. En 1393 fundouse, por parte da Casa dos Andrade o Convento da Orde Terceira de San Francisco, de cuxa fábrica só se conservan algúns elementos. Nas basas predominan as vieiras de adscrición xacobea. Posteriormente fóronse incorporando pinturas renacentistas, claustros e retablos barrocos.
Dende aquí gobernouse a vida dos habitantes da comarca durante os S. XVI e XVII ata que en 1757 a Ría de Ferrol convértese en arsenal e forte praza militar. O mosteiro pasou a mans militares coa desamortización de Mendizábal no 1837, reformándose para usos militares ata o ano 2000.
Todo isto confire unha sensación de certa perplexidade ao visitalo, posto que un dase conta de atoparse ante algo importante pero desvirtuado ao longo dos séculos.

Miradoiro e Baterías de Montefaro: Continuando pola estrada atopámonos cunha pista a man dereita –si, onde pon prohibido o paso (…)– que podemos seguir uns metros ata un aparcadoiro. Non imos describir as impactantes vistas, non vos desvelaremos a sensación de ser un paxaro sobrevoando a ría… tomade voo coma un agasallo desta guía!

Ermida da Nosa Señora da Mercé de Chanteiro: Perfectamente localizada (só pola súa localización xa paga a pena) cando as dúas rías xúntanse e ábrense ao Atlántico, con perfectas postas de sol, é un pequeno templo de estilo románico tardío, coa talla da Virxe de Chanteiro no seu interior.
A peste de 1404 levou aos veciños de Ferrol a prometer o *Voto de Chanteiro*, romaría anual polo mar ata Mugardos e a pé ata Chanteiro. Esta tradición mantívose ata 1839, ano en que as autoridades eclesiásticas suspenderon o voto, dado que consideraban que a festa daba lugar a *"esceas pouco edificantes para la moral"*, con protestas dos veciños de Ares e Mugardos. Actualmente a romería ou Voto conta con boa saúde e celébrase o Martes de Pentecostés, unindo aos vecinos de Ares e Mugardos.

Igrexa de Lubre

Ares: Vila de verán que respira amabilidade polos catro costados, dende as súas doces vistas sobre a ría de Ares e o seu porto náutico, amable xa de por si, ata o seu paseo marítimo, flanqueado por casas de escala moi humana e terrazas de mesóns, cafeterías e xeadarías. Sen esquecer o parque a pé de praia cun espléndido piñeiral aderezado por unha ponte medieval, que nos días calorosos de verán clama a berros unha comida "*campeira"* a base de tortilla de patacas e a súa correspondente sesta… os habitantes do lugar, que son moi sabios, así o practican e dan moita envexa! Pasear por Ares é predisporse a que un luns se convirta en domingo.

Redes: A nena mimada da ría, a perla bonita que todas as rías quixeran ter. A típica aldea mariñeira galega… que lamentablemente non é típica porque os desenvolvementos urbanísticos e a falta de protección conseguiron que as aldeas pesqueiras tradicionais sexan practicamente imposibles de atopar. Se estades en Redes é que xa a atopastes... agora disfrutade de todos os seus recunchos sabéndovos afortunados.

Redes

Parque Fluvial e Muíños do Río Baa: A medio camiño entre Ares e Fene temos estes dous espazos moi coidados e próximos entre si onde podemos estirar as pernas.

Fene: A volta ao mundo industrial da ría de Ferrol despois destes recunchos de ensoño debe facerse con humor, e para iso nada mellor que deixarse caer polo Museo do Humor de Fene. E logo, xa postos, deixarse impresionar pola enxeñería, a do pórtico dos estaleiros de Navantia (o maior de Europa) e os numerosos guindastres, e a da Ponte das Pías, e a da vía do tren e a da autoestrada atravesando a ría… a obra civil tamén é bela!

Castelo da Palma

RUTA A PÉ

DO CASTELO DA PALMA Á PUNTA DO SEGAÑO (OU CHANTEIRO)

Ruta amable e apta para todos, que vai acompañando a saída da ría de Ferrol ata alcanzar a súa boca na Punta do Segaño, onde se localiza unha batería militar xa abandonada. Perfecta para percorrer en bicicleta e especialmente ao atardecer, cando a luz inunda e guía as augas para atopar o inmenso Atlántico. Unha vez no Segaño podemos continuar ata a Enseada de Chanteiro, onde o sufrido condutor pódenos recoller, ou ben dar volta atrás.

Distancia: 4,3 Km
Ascenso acumulado: 105 m
Altura máxima: 67 m
Pendente media de subida: 7,7 %
Pendente máxima de subida: 13,2%
Tempo estimado a pé: 1h 20 min



Mugardos

RUTA 3
RUTA DE SANTO ANDRÉ

Itinerario que percorre parte do milenario camiño de peregrinación de Santo André de Teixido, que deberemos percorrer de vivos, se non queremos ter que facelo de mortos como reza a tradición. E de paso coñeceremos o interior rural desta comarca rodeada polo mar: o encoro das Forcadas, a pintoresca aldea de Liñeiros, as vistas sobre a praia de Vilarrube dende a igrexa e cruceiro do mesmo nome, Porto de Cabo e a súa ponte para xa internarnos na Serra da Capelada, gañando altura e cambiando as paisaxes, cada vez máis oníricas, como a aldea de Reboredo ata culminalo na espectacular paraxe de Santo André de Teixido.

1. Diríxete ao sur pola Estrada da Praia/AC-5404 cara á Av. da Saiña. Continúa pola AC-5404	1200 m
2. Diríxete ao nordeste en Av. Porta do Sol/AC-566/AC-861 cara Camiño de Atios. Continúa pola AC-566/AC-861	900 m
3. Xira á dereita cara á Av de San Sadurniño/AC-2502. Continúa cara á AC-2502 (Encoro das Forcadas)	7000 m
4. Diríxete cara ao leste	500 m
5. Xira á esquerda (Capela da Fame)	200 m
6. Diríxete cara ao leste	650 m
7. Xira á esquerda	53 m
8. Diríxete cara ao surleste	53 m
9. Xira á esquerda (Núcleo de Liñeiros)	350 m
10. Diríxete cara ao norte	64 m
11. Xira á esquerda (Vilarrube)	190 m
12. Diríxete cara ao leste	190 m
13. Xira á esquerda	1400 m
14. Diríxete cara ao surleste	2300 m
15. Xira á esquerda	350 m
16. Xira á esquerda	350 m
17. Diríxete cara ao noroeste	110 m

18. Xira á dereita cara á AC-102	110 m
19. Xira á dereita cara á AC-102 (Porto do Cabo)	71 m
20. Diríxete cara ao surleste por AC-102 (Vila da Igrexa)	2300 m
21. Diríxete ao oeste en AC-102 cara AC-2502	1900 m
22. Xira á dereita	12 m
23. Xira á esquerda	99 m
24. Xira á dereita	1200m
25. Xira á dereita	86 m
26. Diríxete ao nordeste cara á AC-2201	220 m
27. Xira á esquerda cara á AC-2201	270 m
28. Xira lixeiramente á dereita	2200 m
29. Diríxete ao norte cara á AC-566	300 m
30. Xira á dereita cara á AC-566	750 m
31. Toma a 3ª á esquerda (San Roque de Reboredo)	4900 m
32. Xira á dereita (Miradoiro Chan dos Carrís)	1500 m
33. Diríxete ao nordeste cara á AC-2204 (Santo André de Teixido)	2300 m

Duración total da ruta:	**1 h**
Distancia total da ruta:	**34 Km**

Valdoviño: Centro vacacional cos seus dous principais cabalos de batalla imbatibles nas súas categorías: a Praia da Frouxeira e a Lagoa de Valdoviño.

Praia da Frouxeira: 3 km de area branca sorteada de dunas nas que refuxiarse do vento do nordés "marca da casa" e ondas de escala atlántica. A súa grandeza e a potencia do seu mar sobrecolle e cautiva para sempre. Para os que lles teman un pouco a estas ondas, ou as familias que vaian con nenos poden bañarse no seu extremo norte, coñecido como "A praia pequena" onde nin a resaca nin a altura das ondas son tan temibles.

Lagoa de Valdoviño: En contrapunto, e protexida polas dunas, aparece unha apracible lagoa de auga doce, descanso deseado de múltiples especies de aves migratorias que no seu camiño ao sur repousan e repoñen forzas.

Podemos rodeala parcialmente camiñando por un sendeiro que a bordea, e o sufrido condutor voluntario pódenos recoller no seu entronque coa estrada que debemos seguir continuando este itinerario.

Praia da Frouxeira. Valdoviño

Encoro das Forcadas: Alimentado polo río que leva idéntico nombre, foi construído para abastecer de auga á maioría dos concellos da comarca de Ferrol. Nos seus arredores hai gran cantidade de lugares interesantes para desenvolver múltiples actividades: pesca, paseos, zona de merendas, seguimento de aves, etc.

Aldea de Liñeiros: Pequena aldea típica do rural galego moi coidada e moi curiosiña, tanto as poucas casas coma os prados que a rodean. Conta cun pazo e unha igrexa. Orixinalmente a Capela da Fame localizábase na aldea, pero os peregrinos pouco a pouco foron variando o trazado do camiño polo que o párroco do lugar, a mediados do S.XIX decidiu cambiar a situación da igrexa á súa localización actual, empregando tretas de sinais divinos, a Virxe saía da capela e levitando dirixíase ao lugar que hoxe ocupa, convenceu aos veciños da necesidade do seu traslado, levándose a cabo unha ampliación do edificio.

Vilarrube: Destaca o conxunto de Pazo (privado, non se pode visitar por dentro), Igrexa e Cruceiro, cemiterio e pequena fonte de pedra e as súas vistas sobre a praia de Vilarrube.



Porto do Cabo: Aldea que supuxo na Idade Media un punto crucial no Camiño de Santo André, converténdose nun nexo de unión de distintos camiños que confluían aí camiño de Santo André. Aínda se aprecia a riqueza dalgunha das hospederías e albergues de peregrinos, hoxe en moi mal estado, como a Casa da Bastona, casa do século XVI cun arco gótico sobre unha das súas portas.
A ponte de orixe medieval servía de paso aos peregrinos, ponte de mampostería con arcos de medio punto e taxamar triangular, de rasante alombada e calzada de pedra, conta cun vano e un desaugadoiro.

Dende aquí, proponse facer un pequeno desvío e seguir río arriba cara un sendeiro fluvial de moi baixa dificultade recentemente habilitado no veciño concello de Cerdido.

San Roque de Reboredo: Pequenísima aldea xa nas inmediacións de Santo André, cunha pintoresca igrexa e un pradiño con agradables sombras ao lado do río, onde descansar co rumor da auga mecéndonos os oídos… paga a pena parar, esquecerse do visto ata agora e darse conta de que se entrou nun mundo máxico cuxas sensacións que-

Praia da Frouxeira ao solpor. Valdoviño

darán impregnadas en nós para sempre… ninguén sae indemne da Serra da Capelada e Santo André de Teixido.

Miradoiro do Chan dos Carrís: Última etapa do Camiño, dende o que dominar os maiores acantilados da Europa continental, con caídas de ata 800 metros na súa parte máis agreste e o fértil e máxico enclave de Santo André… e ao fondo, dominando, sempre o vasto mar. *Quen teña un condutor xeneroso pode optar por realizar o último tramo andando, que é todo baixada, con bastante pendente e en terreo abrupto pero merece moito a pena… especialmente se logo non hai que subir!*

Santo André de Teixido: Meta final da nosa particular peregrinación, atopamos unha pequena aldea preparada para recibir visitantes, e coas inmediacións da igrexa recentemente habilitadas, con aseos, merendeiros, etc. A pesar disto, non se consegue diminuír unha miga a sensación de acharse nun lugar realmente especial, téñanse ou non crenzas, compártanse ou non devocións. O inmenso océano azul é protagonista e escenario á vez, a propia igrexa, cal casiña de chocolate coa súa típica construción de pedras

Santo André de Teixido. Cedeira

claroscuras alternadas da zona, o seu sorprendente interior con retablo barroco e o val de conto no que está localizada a aldea… mestúrase a dozura dos fértiles prados con terribles paisaxes de acantilados impoñentes, a antigüidade e maxestosidade dos materiais xeolóxicos coa inxenuidade dos *"sanandresiños"* de pan, a escala humana e a escala do mundo, o turismo de autocar coa intimidade de quen comunga secretamente cun lugar, cunha paisaxe… levándoa consigo para sempre.

A lenda de Santo André…

"A Santo André de Teixido vai de morto quen non vai de vivo" queixándose Santo André a Deus de que lle fixera desembarcar coa súa barca de pedra (visible dende alí) e construír o seu santuario en tan lonxano e inaccesible enclave, Deus prometeulle que todos deberían ir velo, se non era en vida sería en morte, estando obrigadas as almas a desprazarse ata alí… a miúdo reptando (vixiade de non pisar píntegas, lagartixas e demais). Moitos familiares e amigos aínda hoxe acompañan ao seu defunto, dende o cemiterio onde estea enterrado ata Santo André, comprándolle o seu billete de autobús e gardándolle a súa cadeira.

RUTA A PÉ **RUTA RÍO**

Pequeno percorrido fluvial que se inicia a escasos metros da Área Recreativa O Castro e que transcorre ao longo de 1,5 km polas beiras do río Pontellas. Trátase dun paseo habilitado recentemente polo Plan de Dinamización de Produto Turístico Ferrol-Ortegal e que nos permite coñecer o río a través de pasarelas de madeira e camiñar baixo especies arbóreas tales como bidueiros (Betula pendula), ameneiros (Alnus glutinosa), castiñeiros (Castanea sativa), carballos (Quercus sp), etc.

Distancia: 1,5 Km
Ascenso acumulado: 33 m
Altura máxima: 155 m
Pendente media de subida: 6,5%
Pendente máxima de subida: 7%
Tempo estimado a pé: 30 min



Encoro das Forcadas. Valdoviño

RUTA 4
RUTA ATLÁNTICA

Itinerario practicamente atlántico na súa totalidade, que enlaza estradiñas panorámicas ao borde dos acantilados e rodeando as praias, e une a pesqueira e animada cidade de Cedeira co Faro da Frouxeira de Valdoviño. Percorreremos espectaculares marismas (Vilarrube), praias de renome surfeiro mundial (Pantín), lagoas declaradas de Especial Interese Natural (Valdoviño) e un dos máis extensos e impresionantes areais da costa galega (Praia da Frouxeira) para pechar cun pintoresco e moi pouco coñecido recuncho, escenario digno de antigas e misteriosas lendas mariñeiras... todo isto sen abandonar o LIC Costa Ártabra (Lugar de Importancia Comunitaria).

1. Diríxete cara ao sur pola Praza de Galicia	25 m
2. Sae da rotonda na Praza de Galicia/AC-566.Continúa AC-566 (Vilarrube)	7300 m
3. Diríxete ao oeste por AC-566/AC-861	2900 m
4. Xira á dereita	450 m
5. Xira á esquerda (Praia de Pantín)	550 m
6. Diríxete cara ao suroeste	54 m
7. Xira á dereita	35 m
8. Xira cara á esquerda AC-566/AC-861	1000 m
9. Xira á dereita cara á AC-566/AC-861	2200 m
10. Diríxete ao norte pola AC-566/AC-861	67 m
11. Xira á dereita	800 m
12. Xira lixeiramente á dereita	550 m
13. Diríxete cara ao noroeste	140 m
14. Xira á esquerda (Miradoiro de Pantín)	700 m
15. Diríxete cara ao suroeste (Miradoiro do Paraño)	2900 m
16. Diríxete ao sur	650 m
17. Xira á dereita cara á Av. de Ferrol	550 m
18. Continúa recto pola Av. de Ferrol	290 m
19. Xira á dereita cara á Travesía da estrada Alta da Praia	200 m

20. Xira á esquerda cara á Travesía da Praia	210 m
21. Diríxete cara ao oeste pola Travesía da Praia (Praia da Frouxeira)	3 m
22. Xira á esquerda cara á AC-5404	22 m
23. Xira lixeiramente á esquerda cara á Av. da Saíña	190 m
24. Continúa pola estrada da Lagoa (Lagoa de Valdoviño)	100 m
25. Diríxete ao suroeste pola Estrada da Lagoa cara á Estrada de Borde Praia	1000 m
26. Diríxete ao leste pola Travesía do Telleiro	150 m
27. Continua por Tv. de Praia B cara á Estrada Paralela Tellero	240 m
28. Xira á dereita rumbo Estrada de Cedeira/AC-566/AC-861	14 m
29. Diríxete ao suroeste por Estrada de Cedeira/AC-566	800 m
30. Por AC-566/AC-861, diríxete ao oeste cara á AC-116	23 m
31. Sae da rotonda en AC-116. Pasa unha rotonda	2900 m
32. Xira á dereita cara á Estrada Cantodomuro Taraza Continúa cara á AC-5405	150 m
33. Diríxete ao norte en AC-5405 cara ao Lugar de Pedreira	3700 m
34. Faro da Frouxeira	

Duración total da ruta:	**55 min.**
Distancia total da ruta:	**31 Km.**

Cedeira: O nome da Vila de Cedeira provén do termo romano "cetaria" co que se designaban as radas de atúns e baleas que na súa praia pechada e arqueada, moi apta para estas prácticas, realizábanse. É un destino turístico das Rías Altas, cun centro moi agradable, ben dotado de mesóns e terrazas, un paseo marítimo, casas de galerías flanqueando o río e moi bo peixe e marisco (atención, amantes dos percebes... se ides na época (verán) non deixedes pasar esta oportunidade. Antes de iniciar o itinerario recomendámosvos percorrer o seu centro, e visitar a Fortaleza da Concepción, musealizada recentemente. Cedeira dispón dunha Oficina de Turismo.
Unha vez coñecida Cedeira xa podemos iniciar este percorrido serpeante que busca a maior proximidade ao Atlántico en toda a súa lonxitude, alternando acantilados e praias.

Vilarrube: Espectaculares marismas onde a caprichosa disposición da area xoga coas mareas ofrecéndonos hipnóticas paisaxes e toda a paleta de cores entre o azul e o verde. Paraíso de aves limícolas e fauna en xeral… ¡incluíndo fauna humana!

Cedeira

Pantín: Praia de renome internacional entre os amantes do surf, escenario dunha proba puntuable do Campionato do Mundo de Surf (Pantin Classic World Championship)

Valdoviño: Centro vacacional cos seus dous principais cabalos de batalla imbatibles nas súas categorías: a Praia da Frouxeira e a Lagoa de Valdoviño.

Praia da Frouxeira: 3 km de area branca sorteada de dunas nas que refuxiarse do vento do nordés "marca da casa" e ondas de escala atlántica. A súa grandeza e a potencia do seu mar sobrecolle e cautiva para sempre. Para os que lles teman un pouco a estas ondas, ou as familias que vaian con nenos poden bañarse no seu extremo norte, coñecido como "A praia pequena" donde nin a resaca nin a altura das ondas son temibles.
Di unha lenda destas terras, tan rica nelas por outra parte, que aquelas mulleres que desexen quedar encinta deben, a noite de San Xoán, deixarse bater por 9 ondas na Praia da Frouxeira… do mesmo modo que existe unha fonte no mesmo concello da cal deben beber aquelas que non queiran quedar embarazadas.

Lagoa de Valdoviño: En contrapunto, e protexida polas dunas, aparece unha apracible lagoa de agua doce, descanso desexado de múltiples especies de aves migratorias que no seu camiño ao sur repousan e repostan forzas. A lagoa ten 1.600 metros de longo por 500 metros de máxima anchura e a súa profundidade media non supera o metro e medio aínda que existen canles máis profundas. Encóntrase separada do mar por unha extensa duna litoral e é alimentada polas augas dos ríos Vilar e Castro. A auga da lagoa presenta unha salinidade variable segundo as épocas do ano, constituíndo un interesante ecosistema, a pesar das agresións urbanísticas que padeceu nalgunhas ocasións. De todas formas, segundo os censos da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) son ao redor de 15.000 as aves que habitan no lugar.
Podemos rodeala parcialmente camiñando por un sendeiro que a bordea, e o sufrido condutor voluntario pódenos recoller no seu entronque coa estrada que debemos seguir continuando este itinerario.

Faro da Frouxeira: No outro extremo da Praia da Frouxeira encontramos, pechándoa polo sur, o impoñente Faro moderno da Frouxeira. Podemos deixar o coche alí, e perco-

Faro da Frouxeira. Valdoviño

rrer as súas inmediacións descubrindo aperturas, fosos, túneles e demais elementos das baterías militares de mediados do seculo XX que ateigan toda esta costa.
A presenza de faros nesta costa é unha constante debido á obvia perigosidade das súas costas e os seus escasos abrigos, sendo o da Frouxeira o que marca a metade de camiño entre Cedeira e Ferrol, onde unha embarcación en apuros non atopa resgardo, e onde a distancia de seguridade respecto á costa é forzosa.

Ermida da Virxe do Porto: Pequeno segredo moi ben gardado e difícil de atopar ao que accederemos ou ben andando dende a ruta a pé proposta, ou ben polo entramado de pistas asfaltadas que rodean a fermosa praia de Meirás, deixando o coche nas inmediacións da piscifactoría.
Trátase dunha minúscula ermida no alto dun illote de dimensións apenas algo maiores que o pequeno santuario mariñeiro, ao que só se accede en marea baixa. Os devotos do lugar construírona para rezar á volta dos seus valentes mariñeiros… valentes e necesitados, pero insignificantes ante tamaño poder do mar, do vento, das ondas, dos acantilados… visitándoa, e se se ten a sorte de atopala aberta, co

Lagoa de Valdoviño

seu altar rodeado de redes e aparellos de pesca, pequena pero curiosa e moi limpa, encólleselle a un a alma pensar as poucas armas que o home tivo contra este mar, fonte de sustento e destino final terrorífico para moitos… unha delas a fe en que un deus benigno os guiará a porto cando o mar se lles volva en contra.

Cedeira

RUTA A PÉ DO FARO DA FROUXEIRA Á ERMIDA DA VIRXE DO PORTO

Pequena ruta que partindo da pista que accede ao Faro da Frouxeira nos guía entre matorrais baixos ata a Praia de Meirás, e bordeando a piscifactoría, a través dun pequeno sendeiro nos levará ata a pequena cala de pedriñas onde a marea baixa permitiranos acceder ao illote que alberga a pequena ermida da Virxe do Porto.

Distancia: 3 km (i/v)
Ascenso Acumulado: 36 m
Altura máxima: 33 m
Pendente máxima subida: 9,5%
Pendente media subida: 6,4%
Tempo estimado: 45 min (i/v)



Serra da Capelada

RUTA 5
RUTA DO MEDIEVO

Itinerario que rodeando a ría pola súa parte máis próxima ás desembocaduras do Belelle e o Río Grande de Xuvia permítenos coñecer o pasado medieval dos municipios da Ría de Ferrol. Percorreremos as empedradas rúas de Neda, os antigos muíños e unha xoia do románico galego que supón o Mosteiro de San Martiño do Couto. Para complementar a riqueza patrimonial da ría contamos co seu valor paisaxístico, dende os miradoiros, ás fervenzas e aos seus ríos.

1. Diríxete cara ao leste pola estrada de Ortigueira/AC-115	17 m
2. Xira á esquerda cara á estrada de Ortigueira/AC-115. Continúa pola AC-115	1000 m
3. Diríxete cara ao nordeste pola estrada de Ortigueira/AC-115 pola Rúa do Empeorón	21 m
4. Xira á dereita cara ao Lugar de Portazgo/AC-862 (indicacións para Ortigueira/Ribadeo/Oviedo/As Pontes) Continúa pola AC-862	750 m
5. Xira á dereita cara ao Lugar de Mourela Baixa/AC-121 (indicacións para A Capela)	10 m
6. Toma a 1ª á esquerda e permanece no Lugar de Mourela Baixa/AC-121. Continúa cara á AC-121	1400 m
7. Diríxete cara ao surleste pola AC-121	550 m
8. Xira lixeiramente á esquerda cara ao Lugar de Gandarela/AC-121 Continúa pola AC-121 (Muíño Motus)	650 m
9. Diríxete cara ao sur por Camiño de Fervenza (Pazo de Isabel II)	350 m
10. Diríxete cara ao sur por Camiño de Fervenza (Fervenza do Belelle)	350 m
11. Diríxete ao norte en Camiño de Fervenza cara ao Lugar de Roxal	800 m
12. Xira á esquerda rumbo Lugar de Roxal. Continúa cara AC-121	1200 m
13. Xira á dereita cara ao Lugar de Escorial Abaixo	500 m
14. Continúa recto cara ao Lugar de Escorial Abaixo	110 m
15. Xira á dereita para continuar en Lugar de Escorial Abaixo	350 m
16. Xira á dereita rumbo Lugar de Cruz Pouso/AC-862	47 m
17. Toma a 1ª á esquerda cara ao Lugar de Cruz Pouso	23 m
18. Toma a 1ª á esquerda e permanece no Lugar de Cruz Pouso	1400 m
19. Continuar recto (Miradoiro de Ancos)	200 m
20. Retroceder ata o cruce	200 m
21. Xira á esquerda	
22. Diríxete ao noroeste cara ao Lugar de Vilar	1800 m
23. Xira á dereita cara ao Lugar de Vilar	240 m

24. Xira á esquerda cara ao Lugar de Santo Antonio	27 m
25. Xira á dereita para continuar no Lugar de San Antonio	170 m
26. Xira á esquerda rumbo ao Lugar de Castiñeiro	100 m
27. Toma a 3ª á dereita cara á rúa de Victorino Novo	200 m
28. Diríxete ao noroeste en rúa de Victorino Novo cara á Av de Xubia/AC-862	36 m
29. Xira á dereita cara á Av. de Xubia/AC-862. Continúa rumbo AC-862 (Muíño de Xubia)	160 m
30. Diríxete ao oeste na estrada de Castela/AC-862 cara á rúa de San Roque. Pasa unha rotonda	2700 m
31. Xira á esquerda	
32. Continúa sen desviarte pola Rúa Miguel de Cervantes	1102 m
33. Xira á esquerda cara á Av. Souto Vizoso	
34. Continúa pola Av. Souto Vizoso ata o cruce final e xira á esquerda pola Rúa Cornido	919 m
35. No primeiro cruce xira á dereita	75 m
36. Continúa recto (Mosteiro do Couto)	70 m
37. Diríxete cara ao oeste pola rúa de Cornido	39 m
38. Xira á esquerda para continuar pola rúa de Cornido	70 m
39. Na bifurcación, mantente á esquerda	57 m
40. Xira lixeiramente á esquerda cara á FE-11	160 m
41. Xira totalmente á dereita rumbo á FE-11	500 m
42. Continúa pola AP-9 ata a seguinte saída	1635 m
43. Xira á esquerda dirección AC-115. E continúa sen desviarte	1420 m
44. Xira á dereita (Igrexa de Santa María de Neda)	

Duración total da ruta:	**45 min.**
Distancia total da ruta:	**21,5 Km.**

Neda: A ruta comeza dándose un paseo polo casco antigo de Neda, conformado por un entramado de rúas medievais con soportais, que é unha das tantas testemuñas da riqueza da comarca en tempos medievais. Parte da importancia que tiña como vila durante os séculos XVII e XVIII procedía do seu porto comercial e os seus estaleiros.
A calidade das augas dos seus ríos e o brío co que baixaban permitiu que aflorasen multitude de muíños, que orixinaron o afamado Pan de Neda, así como o establecemento de fábricas de curtidos, de acuño de moeda e incluso fabricación de pólvora. E por último o protagonismo que tomou Neda no camiño inglés de Santiago de Compostela conferiulle unha morea de igrexas, cruceiros e albergues de peregrinos, cos que aínda conta a mesma ribeira. O conxunto patrimonial é pois, rico, variado e disperso no territorio.
Recomendamos con especial entusiasmo mercar Pan en Neda, posto que aínda sendo xa moi bo en toda Galicia en xeral, o de Neda o é en particular e conta co seu propio distintivo. Existe unha “Ruta do Pan” ofertada nas oficinas de turismo que mostra o percorrido dende a moenda no seu antigo muíño rehabilitado ata a súa cocción en fornos de leña nas panaderías de Neda.

Vista da ría de Ferrol dende o Monte de Ancos

Igrexa de Santa María de Neda: Levantouse no século XVIII sobre o templo de Santa María do Porto (s. VI). O Cristo da Cadea é o elemento máis valioso do templo, situado no retablo maior do altar. Segundo a tradición popular veu aboiando sobre o río, o que non deixa de ser certo: a imaxe chegou no ano 1550 nun barco procedente de Inglaterra. Xunto ao Cristo trouxeron unha imaxe da Virxe, coñecida como Nosa Señora a Inglesa e que se pode ver en Lugo, e un conxunto de Santa e Santa María que foron levadas a Mondoñedo.

Pazo de Isabel II: Na actualidade nun avanzado estado de deterioración é de propiedade privada. Trátase dun edificio de mediados do século XIX. Concretamente foi fundado en 1841 como fábrica de tecidos polos irmáns Veiga. A importancia dos seus produtos foi tal que en 1851 chegou a estar presente na Exposición Universal de Londres. Era coñecida, tamén, por fabricar candeas para a Armada. Conserva aínda restos de elementos, como canles, turbinas, que dan conta da súa magnitude.

Fervenza do Belelle

Fervenza: Este impresionante salto de auga de 50 metros de alto, en parte polo inesperado, en parte pola frondosidade dos seus bosques, transpórtanos a unha paisaxe completamente diferente ao percorrido ata o momento, de fértiles e amables vales onde nos atoparemos rodeados por castiñeiros, carballos e bidueiros.

Coto de Ancos: Dende esta posición dominamos a ría de Ferrol dende a súa propia orixe entre os ríos Belelle e Grande de Xuvia. Veremos a súa poboada ribeira, as súas pontes, vilas, os seus estaleiros e ao fondo como se abre camiño ata o mar, flanqueada por Montefaro á esquerda e os Montes de Brión á dereita, nunha posición estratéxica para entender a orografía da comarca e a súa idiosincrasia.

A Ponte de Xuvia - Xuvia (Santa Rita): A Ponte de Xuvia é unha ponte de finais do século XIX, que foi erixida sobre os restos dunha antiga ponte romana.

Muíño da Ponte de Xuvia: Senlleiro conxunto de dous muíños cun total de catro rodas, situados na marxe de-

Pazo de Isabel II

reita da desembocadura do río Xuvia. Construídos en 1775 polos empresarios franceses D. Juan Lestache e D. Francisco Bucal. O alto rendemento produtivo permitiu que puidera abastecerse de fariña Ferrol e comarca e incluso exportarse importantes excedentes.

Río Grande de Xuvia: Outro enclave milagreiramente alleo ao día a día da poboada Ría de Ferrol, onde sumidos nunha especie de burbulla espazo-temporal poderemos pasear pola ribeira do Río Grande de Xuvia e a súa antiga Presa do Rei.

Presa do Rei: A Presa do Rei foi mandada contruír polo rei Alfonso XIII e empregada nas súas orixes para dar enerxía á Real Fábrica de Moeda de Xuvia. Atópase situada nun marco incomparable, rodeada de fermosas arboredas á beira do Río Xuvia, un dos lugares máis emblemáticos de todo o concello. É unha zona moi frecuentada polos amantes da natureza, onde con moita paciencia pódense ver corzos bebendo nas augas da ría.

Mosteiro de San Martiño do Couto

Mosteiro de San Martiño de Xuvia (do Couto): Recentemente declarado Monumento Artístico Nacional, este mosteiro de estilo románico foi mandado construír polo Conde de Traba no século XII sobre os restos dun templo anterior do século IX, que é do románico propio da orde de Cluny. Do cal podemos destacar os capiteis decorados con elementos vexetais, zoomórficos e os seus "canzorros" así coma o axedrezado testemuño de conformar unha ruta xacobea.

RUTA A PÉ TRAMO DUNS 500 METROS A PÉ POLO RÍO BELELLE QUE NOS LEVA ATA A ESPECTACULAR FERVENZA DO BELLELLE

Iniciamos a ruta na pequena explanada onde podemos deixar coche, preto da antiga central hidroeléctrica (antes da ponte). Cruzamos a ponte e pasando diante da central atopamos un panel dunha ruta que sobe ata enriba do monte Marraxón. Dirixímonos contracorrente pola marxe dereita do río, deixamos un desvío do camiño á nosa esquerda e imos gañando algo de altura. Uns metros máis aló xa escoitaremos o rumor da auga batendo as pedras e pequenas pingas de auga avisarannos da nosa chegada á fervenza.

Distancia: 0,5 Km
Ascenso acumulado: 13 m
Altura máxima: 136 m
Pendente media de subida: 18 %
Pendente máxima de subida: 25 %
Tempo estimado a pé: 35 min



Muíño de Xuvia

RUTA 6
RUTA DA CAPELADA

Itinerario de altura en todas as súas acepcións, posto que percorreremos a Serra da Capelada partindo de Cedeira e iremos gañando o norte faro a faro, ermida a ermida. Coñeceremos o afamado Santo André de Teixido e as súas lendas, os maiores cantís da Europa continental e as mellores vistas sobre a Ría de Ortigueira… para achegarnos de novo ao mar de Cariño. Empecemos onde empecemos podemos darnos unha sentida e merecida homenaxe gastronómica en calquera dos seus extremos.

1. Diríxete ao noroeste cara ao Lugar Área Longa	1100 m
2. Continúa recto cara á Av. do Almirante Moreno	650 m
3. Xira á dereita cara á Praza de Peixe	69 m
4. Praza do Peixe xira á esquerda cara á Rúa del Ponte Nova	160 m
5. Xira á esquerda cara á Praza de Ezequiel López	71 m
6. Xira á dereita para continuar na Praza de Ezequiel López	11 m
7. Continúa por Paseo de Arriba da Ponte	140 m
8. Xira lixeiramente á esquerda cara á Rúa de Saíñas	900 m
9. Xira á esquerda (Santo Antonio de Corveiro)	1900 m
10. Diríxete ao norte	3300 m
11. Xira á esquerda	700 m
12. Xira lixeiramente á esquerda (Faro Punta Candieira)	3600 m
13. Diríxete ao suroeste	4600 m
14. Xira á dereita cara á Rúa de Saíñas	2500 m
15. Xira lixeiramente á dereita rumbo Rúa de Saíñas	650 m
16. Xira lixeiramente á esquerda rumbo á Praza de Ezequiel López	11 m
17. Toma a 1ª á esquerda e permanece na Praza de Ezequiel López	71 m
18. Continúa pola Rúa do Xeneral Primo de Rivera	72 m
19. Na rotonda, toma a segunda saída en dirección á Av. dos Suevos/AC-566	400 m
20. Xira á esquerda cara ao Camiño da Xunqueira	28 m
21. Diríxete ao norte en Camiño de Xunqueira cara á Rúa da Silva	400 m
22. Xira á dereita cara á Av de Zumalacárregui/AC-2204. Continúa rumbo á AC-2204	2300 m
23. Xira lixeiramente á esquerda para continuar na AC-2204	2100 m
24. Xira lixeiramente á dereita para continuar na AC-2204	550 m
25. Xira lixeiramente á dereita para continuar na AC-2204	900 m

26. Diríxete ao nordeste pola AC-2204	33 m
27. Xira á dereita para continuar na AC-2204	43 m
28. Toma a 1ª á esquerda e permanece na AC-2204	1900 m
29. Xira á esquerda para continuar na AC-2204 (Miradoiro)	1300 m
30. Diríxete ao nordeste pola AC-2204 (Miradoiro Chan dos Carrís)	700 m
31. Diríxete cara ao leste pola AC-2204	
32. Xira á esquerda (Santo André)	1500 m
33. Diríxete ó suroeste cara á AC-2204	1500 m
34. Continúa recto rumbo á AC-2204 (Garita Herbeira)	4100 m
35. Diríxete ao nordeste pola AC-2204/AC-2205. Continúa cara á AC-2205	3000 m
36. Xira á dereita (Miradoiro de Miranda)	3200 m
37. Diríxete ao oeste cara á AC-2205	10000 m
38. Xira á esquerda (Faro Cabo Ortegal)	2600 m
39. Diríxete ao sur	3100 m
40. Diríxete ao surleste cara á Rúa do Campo	500 m
41. Xira á dereita cara á Rúa de Santa María	280 m
42. Xira á esquerda cara á Rúa de Landín Carrasco	32 m
43. Xira á dereita cara á Rúa de Balbis	190 m
44. Xira á esquerda rumbo á Rúa de Manuel Fraga Iribarne	79 m
45. Toma a 1ª á dereita cara á Rúa do Porto	58 m
46. Xira á dereita cara á Rúa do Porto (Porto de Cariño)	110 m

Duración total da ruta:	**1 h 45 min**
Distancia total da ruta:	**62,5 Km.**

Cabo Ortegal

Cedeira: O nome da Vila de Cedeira provén do termo romano "cetaria" co que se designaban as radas de atúns e baleas que na súa praia, pechada e arqueada, moi apta para estas prácticas, realizábanse. É un destino turístico das Rías Altas, cun centro moi agradable, ben dotado de mesóns e terrazas, un paseo marítimo, casas de galerías flanqueando o río e moi bo peixe e marisco (atención, amantes dos percebes... se ides na época -verán- non deixedes pasar esta oportunidade). Antes de iniciar o itinerario recomendámosvos percorrer o seu centro e visitar a Fortaleza da Concepción, musealizada recentemente. Cedeira dispón dunha Oficina de Turismo.

Ermida de Santo Antón de Corveiro: Como reza a canción, este é o camiño que me achega a Santo Antón, un caminiño cheo de pedras e de amor. Nesta branca, pequena e curiosa ermida do 1661, onde acoden en romaría os cedeireses, podemos admirar a magnífica panorámica do mar e da entrada da ría de Cedeira. Tamén é reseñable o cruceiro e o retablo barroco no seu interior.

Detalle da flora da costa de Ortegal

Faro da Candieira: Tralas dez curvas de infarto polas que a estrada precipítanos case ao mar, entre cabalos e contactos xeolóxicos que moitos atravesan medio mundo para coñecer, chegamos a este impresionante faro. Foi construído en 1954, e dende entón axuda a navegantes a salvar esta costa agreste e perigosa, chea de escollos e illotes sen refuxio ningún que dificultan aínda máis a singladura.

Santo André de Teixido: Á metade da nosa particular peregrinación, atopamos unha pequena aldea preparada para recibir visitantes, e coas inmediacións da igrexa recentemente habilitadas, con aseos, merendeiros, etc. A pesar disto, non se consegue diminuír unha miga a sensación de acharse nun lugar realmente especial, téñanse ou non crenzas, compártanse ou non devocións. O inmenso océano azul de protagonista é escenario á vez. A propia igrexa, cal casiña de chocolate coa súa típica construción de pedras da zona, o seu sorprendente interior con retablo barroco e o val de conto no que está localizada a aldea… mestúrase a dozura dos fértiles prados con terribles paisaxes de cantís impoñentes, a antigüidade e maxestosidade dos materiais xeolóxicos coa in-

xenuidade dos "sanandresiños" de pan, a escala humana e a escala do mundo, o turismo de autocar coa intimidade de quen comunga secretamente cun lugar, cunha paisaxe… levándoa consigo para sempre.

A lenda de Santo André: ***"A Santo André de Teixido vai de morto quen non vai de vivo"*** queixándose Santo André a Deus de que o fixera desembarcar coa súa barca de pedra (visible dende alí) e construír o seu santuario en tan lonxano e inaccesible enclave, Deus prometeulle que todos deberían ir visitalo, se non era en vida sería en morte, estando obrigadas as almas a desprazarse ata alí… a miúdo reptando (vixiade de non pisar píntegas, lagartixas e demais). Moitos familiares e amigos aínda hoxe acompañan ao seu defunto, dende o cemiterio onde estea soterrado ata Santo André, comprándolle o seu billete de autobús e gardándolle a súa cadeira.

Miradoiro da Garita de Herbeira: Dende esta pequena construción, que data do século XVIII con funcións vixías para prever os piratas, contémplase e admírase o vasto

Miradoiro de Miranda

océano…. ao norte Inglaterra, ao leste América… (mar polo medio)… e aos teus pés os máis altos cantís de Europa, de casi 700 metros de caída libre… vaite con ollo!! Toda a Serra da Capelada é un enclave de grande importancia xeolóxica, sendo os seus materiais dunha antigüidade moi difícil de atopar, posto que soen pertencer ao estrato do manto, e non afloran á corteza terrestre. Debido a antigos e complexos movementos estruturais que sufriu este recuncho do mundo, pódense gozar deles ao mesmo nivel do chan, e iso é algo de tremenda importancia para os xeólogos viaxeiros que se achegan ata este paraíso para eles… así que xa sabedes, onde vos só vedes pedras, outros ven tesouros… a beleza está na cabeza!!

Miradoiro de Miranda: Tralo pequeno desvío feito, que paga moito a pena, abrirase aos nosos ollos toda a Ría de Ortigueira, unha das máis belas das Rías Altas, e albergue de centos e centos de especies animais que forman parte dun dos ecosistemas máis ricos de Galicia, recabando diversas figuras de protección medioambiental a nivel europeo e mundial, especialmente no que a aves migratorias se refire.

Faro de Cabo Ortegal

Faro de Cabo Ortegal: Voltamos ao mar do que viñamos e deixando a apracible Ría de Ortigueira para logo atoparnos co maxestoso Faro de Cabo Ortegal. Este faro marca a fin do Cantábrico e o inicio do Atlántico, avisando aos navegantes do cambio de rumbo se queren seguir a costa galega cara ao sur.

Camiño de Cariño atoparemos o inicio da ruta a pé a San Xiao de Trevo, proposta desta ruta para camiñar un pouquiño, pero tamén se pode chegar en coche collendo a desviación dende a estrada que une o faro a Cariño á man esquerda (sentido a Cariño).

Cariño: Concello cun porto considerable e unha praia e un paseo marítimo. Mantén o núcleo antigo, aínda que de reducidas dimensións. Pódese pasear polo paseo, o porto e degustar os seus peixes e mariscos en calquera dos bares e mesóns preto do porto.

Tanto Herbeira como os cantís poden coñecerse ben de preto percorrendo a ruta en barco que sae do porto de Cariño e que nos ofrecerá sen dúbida unha perspectiva única e xenuína desta costa máxica.

RUTA A PÉ **RUTA DE SAN XIAO DE TREVO**

Ruta que segue a dos romeiros á ermida de San Xiao dende o Miradoiro da Gabeira. Dende alí descenderemos pola vertente que dá ao mar, nalgún dos tramos a pendente é moi pronunciada e axudarémonos con ferraxes dispostas para este fin. Cruzaremos o río e xa por unha senda máis accesible chegaremos á pequena ermida de San Xiao. A intensidade do azul do mar aberto e o contraste co verde da fértil ladeira fan deste sendeiro unha xoia de curto percorrido cun final humilde e auténtico.

Distancia: 1,70 Km
Ascenso acumulado: 115 m
Altura máxima: 110 m
Pendente media de subida: 21,56 %
Pendente máxima de subida: 12,60 %
Tempo estimado a pé: 50 min



Ermida de Santo André de Teixido

RUTA 7
RUTA DO NORTE

Este itinerario conduciranos dende Ortigueira e a súa ría dun grande valor ecolóxico e paisaxístico ata a punta máis setentrional da Península Ibérica, Estaca de Bares, de onde parte a liña imaxinaria que divide o Océano Atlántico do Mar Cantábrico.
Iremos deixando polo camiño rías e marismas, bosques de eucaliptos, igrexas e cantís, ata chegar ao impresionante Miradoiro de Estaca de Bares.

1. Diríxete ao noroeste na Rúa do Xeneral Franco/AC-862 cara á Rúa da Alameda/AC-6110 (Ortigueira)	600 m
2. Diríxete ao norte pola Rúa do Xeneral Franco/AC-862 cara á Rúa de Cuba	130 m
3. Na rotonda, toma a segunda saída en dirección á Rúa de Alférez Provisional	130 m
4. Xira lixeiramente a esquerda cara á Rúa de Pedro Castiñeiras	92 m
5. Entra na rotonda	18 m
6. Diríxete ao noroeste na Rúa do Reverendo Márquez Cortiñas cara á Rúa da Curuxeira/AC-6110	200 m
7. Xira á dereita cara á Rúa do Curuxeira/AC-6110	200 m
8. Xira lixeiramente cara á esquerda	140 m
9. Diríxete ao noroeste pola AC-6110	79 m
10. Continúa recto pola AC-6110	2800 m
11. Xira totalmente a dereita cara á AC-6114	450 m
12. Toma a 1ª á dereita	36 m
13. Xira á esquerda. (Praia de Morouzos)	120 m
14. Diríxete ao oeste	120 m
15. Toma a 1ª á dereita cara á AC-6114	36 m
16. Xira á esquerda cara á AC-6114	450 m
17. Xira lixeiramente á esquerda cara á AC-6110	1400 m
18. Xira á esquerda cara á Rúa da Penela/AC-862. Continúa pola AC-862	5700 m
19. Xira á esquerda cara ao Lugar da Abasteira (indicacións para Porto)	290 m
20. Xira lixeiramente cara ao Lugar da Torre	500 m
21. Continúa pola Rúa do Xunxal (Espasante)	140 m
22. Diríxete ao sur pola Rúa do Xunxal cara á Rúa da Praia	210 m
23. Continúa polo Lugar da Torre	450 m
24. Continúa polo Lugar da Abasteira	290 m

25. Xira á esquerda cara á Estrada de Ortigueira/AC-862	5300 m
26. Xira á esquerda cara á AC-6105 (indicacións para Portás)	800 m
27. Toma a 1ª á esquerda e permanece na AC-6105	180 m
28. Xira lixeiramente á dereita cara ao Lugar da Penela/AC-6105 Continúa pola AC-6105 (Loiba, Igrexa de San Xulián)	300 m
29. Diríxete ao suroeste pola AC-6105	500 m
30. Xira á dereita para continuar pola AC-6105	800 m
31. Xira á esquerda cara á Estrada de Ortigueira/AC-862. Continúa pola AC-862	5300 m
32. Xira lixeiramente á esquerda cara á Rúa de Manuel Cora Rodríguez/AC-100. Continúa pola AC-100	5700 m
33. Xira á esquerda (Estaca de Bares)	1500 m
34. Retrocede ata o cruce	1500 m
35. Xira á esquerda	20 m
36. Continúa sen desviarte	1700 m
37. No segundo cruce xira cara á esquerda	16 m
38. Continúa recto (Miradoiro Semáforo de Bares)	876 m
39. Retrocede ata o cruce e xira á esquerda	876 m
40. Segue o seguinte cruce	1200 m
41. Xira á esquerda	22 m
42. Xira á esquerda e continúa recto (Bares)	1225 m

Duración total de la ruta:	**aprox. 1 h**
Distancia total de la ruta:	**aprox. 37 km**

Ortigueira: É unha pequena vila chea de cousas que ver, tanto a rúa Real como os cantóns, que constitúen o verdadeiro corazón da vila na que se poden observar con admiración as construcións nobres, con esquinas e marcos de granito, balcóns de ferro forxado e brancas galerías. O conxunto conventual que na actualidade acolle a Casa Consistorial, o Teatro da Beneficiencia e a Igrexa parroquial. Visitar o Museo Ortegalia, que permite realizar un percorrido ilustrativo a través da historia, prehistoria e protohistoria da comarca, ou achegarse á Biblioteca Municipal (antigo edificio escolar, construído en 1909) e pasear polo porto e a alameda pode facer que o visitante pase unha tarde absolutamente agradable.
Ortigueira convértese cada verán no corazón da Europa atlántica para acoller o Festival Internacional do Mundo Celta. Declarada Festa de Interese Turístico Internacional, esta cita congrega na vila a milleiros de persoas chegadas dende Galicia, España e o estranxeiro. Ao final do porto comeza un sendeiro que chega ata a praia de Morouzos e no seu percorrido pódense apreciar todos os segredos que agocha a impresionante Ría de Ortigueira.

Praia de Ortigueira

Ría de Ortigueira e Ladrido: É un dos humidais máis importantes de Galicia. Destaca asemade a nivel mundial pola súa riqueza faunística e vexetal, así como polas características que a diferencian doutros espazos naturais. Atendendo ás súas condicións, está protexida polo Convenio de Ramsar.

Praia de Morouzos: Morouzos e Cabalar son os nomes cos que se coñece a cada un dos extremos do amplo areal. A praia de Cabalar é a máis interior da Ría, de areas finas e augas mansas. A continuación dela atópase a de Morouzos, orientada cara ao norte na desembocadura da Ría. Nos seus 3 km de lonxitude recóllense as areas procedentes do río Lourido e do mar aberto. Estas forman ademais unha barreira natural na desembocadura da ría de Ladrido.
É esta a praia máis importante do municipio, de area fina e moi escura. A natureza formou un cordón dunar de gran beleza entre o areal e o extenso piñeiral, que dispón de lareiras, bancadas e xogos infantís.

Espasante: Ten dous núcleos de poboación ben diferenciados dende épocas pasadas: a Aldea e o Porto de Espasante.
A Aldea distribúese de forma diseminada, e está dedicada fundamentalmente á agricultura.
O Porto de Espasante é un conxunto urbano. A súa parte máis vella distribúese entre rúas estreitas e irregulares, sementadas das típicas casas mariñeiras, que dan mesmo ao areal da Concha. Esta zona do Porto foi poboada dende tempos antigos, como testemuñan varios descubrimentos arqueolóxicos. Nas puntas situadas ao norte e ao sur do areal da Concha atópanse restos de castros e unha curiosa construción, chamada *Monumento con Forno*.

Igrexa de San Xulián de Loiba: É unha igrexa neogótica de planta de cruz latina que ten unha única nave separada en dous tramos por un arco faixón apuntado con contrafortes exteriores. A fachada principal divídese en tres corpos que subliñan a súa verticalidade mediante a utilización de arcos apuntados tanto na porta como no van superior e nos do seguinte tramo do campana-

Espasante

rio. Non se pode deixar de ver o interior no que merece especial mención o retablo barroco.

Estaca de Bares: É o punto máis setentrional da Península Ibérica, (Latitude 43º 47' 23.6" N, lonxitude 7º 41' 17.9" W) enmarcado nunha impresionante paisaxe de cantís que separan as Rías de Ortigueira e do Barqueiro, á vez que constitúe divisoria xeográfica entre o Océano Atlántico ao oeste do Mar Cantábrico ao leste.
Atopámonos nun estupendo observatorio ornitolóxico no que se contabilizou o paso de máis de 100.000 aves migratorias entre as cales se atopa o falcón peregrino. É un sitio declarado de interese nacional.
Neste cabo podemos atopar tamén instalacións militares abandonadas, unha delas a base dos Gardacostas dos Estados Unidos.
Son dignos de ver os cinco muíños que sobre os cantís van compartindo a auga mediante unhas canles feitas de lousas verticais de pedra.
Na Estaca de Bares atopamos tamén o coñecido como Miradoiro do Semáforo, no antigo Semáforo da Mariña, convertido na actualidade en hotel da natureza.

Porto de Bares

Porto de Bares: É a típica aldea mariñeira da costa galega na que un pode pasar horas admirando a paisaxe que a enmarca.
As augas limpas e cristalinas que chaman ao baño simplemente con que saia unha raiola de sol, as panorámicas da bocana da ría, a Illa Coelleira e o peirao -din que de época fenicia, pero máis probablemente romano- compoñen unha estampa fácil de gardar na nosa retina para sempre.

Biblioteca de Ortigueira

RUTA A PÉ CANTÍS DE LOIBA

Esta pequena ruta que propoñemos forma parte da Ruta da Costa (de 18 Km) que nos ofrece unha serie de praias virxes e impresionntes cantís nos que o vento e o mar fixeron a súa particular obra de arte.
Na parte baixa, ábrense ás augas da Ría exterior as praias do Picón e Coitelo. Nestes areais atopamos un curioso peirao, onde as gamelas se sosteñen á ladeira por roldanas para evitar que as leve a preamar.

Distancia: 2 km
Ascenso acumulado: 5 m
Altura máxima: 108 m
Pendente media de subida: 3%
Pendente máxima de subida: 3%
Tempo estimado a pé: 30 min

Paisaxe no Porto de Bares

RUTA 8
RUTA DO RÍO SOR

Itinerario que partindo do Barqueiro, e acompañando o curso do Río Sor, permítenos adentrarnos no interior rural, entre miradoiros nas alturas, remansos de paz nas augas do Sor e estampas bucólicas dunha Galicia rural alléa ao paso do tempo.

OCEANO
O Barqueiro
A Coruña
San Xulián
Espasante
Arealonga
Soutomaior
A Fonteredonda
A Relorta
MIRADOIRO DA CORISCADA
Penalonga
Ribeiras do Sor
Rande
Fondoranca
Soutullo
Vidueiros de Riba
Monsecalvelo
Bustelo
O Teixeiro
O Coutado
Casanova
Carballo
Alto da Coriscada 520
Caión
Chao
Viamuo
MIRADOIRO AUGAS CAÍDAS
Vilar
Gosende
Castro
ÁREA RECREATIVA PONTEGESRDE
O Lombao
MIRADOIRO DA FALCOIRA
Graňas
IGREXA DE SAN MAMEDE
0
1,25
2,5
5
Kilómetros

1. Diríxete ao norte pola Rúa de Federico Manci	91 m
2. Toma a 1ª a esquerda cara Rúa de Federico Manci	210 m
3. Continúa recto cara á Rúa de Covas	97 m
4. Xira a esquerda para continuar pola Rúa de Covas	500 m
5. Xira á dereita cara á Estrada de Viveiro/AC-862. Continúa pola AC-862	750 m
6. Xira á esquerda cara á AC-4401 (indicacións para Grañas)	550 m
7. Xira á dereita (Miradoiro da Coriscada)	2700 m
8. Diríxete ao nordeste cara á AC-4401	2700 m
9. Xira á dereita pola AC-4401	2300 m
10. Xira lixeiramente á dereita	750 m
11. Diríxete ao surleste pola AC-4401	550 m
12. Xira á dereita cara á AC-4401	1100 m
13. Continúa recto pola AC-4401	200 m
14. Xira lixeiramente á dereita para continuar pola AC-4401	9100 m
15. Xira lixeiramente á esquerda (Miradoiro de Augas Caídas)	1100 m
16. Diríxete ao noroeste	1000 m
17. Diríxete cara ao oeste pola AC-4401	110 m
18. Xira á esquerda cara á AC-4401	3000 m
19. Xira á esquerda cara á LU-6406	3000 m
20. Continúa recto cara á LU-6406 (Ponte do Porto)	6 m
21. Diríxete ao suroeste pola LU-6406 cara á AC-4401	3100 m
22. Xira á esquerda cara á AC-4401	2000 m
23. Diríxete ao suroeste pola AC-4401	6200 m
24. Continúa recto pola AC-4401	850 m
25. Xira á esquerda cara á AC-101	450 m
26. Xira á esquerda (Miradoiro da Faladoira)	400 m

Duración total da ruta:	**aprox. 53 min**
Distancia total da ruta:	**aprox. 43 km**

O Barqueiro: Iniciamos a ruta na Ría do Barqueiro para deixar pronto atrás o mar. O Barqueiro é a capital do concello de Mañón, localizado no estuario do Sor, aos pés da Ría. Trátase dun pequeno porto mariñeiro, no que a poboación se dedica maioritariamente á pesca, polo que a vida das súas xentes xira en torno ao porto e a súa actividade.
As súas casiñas brancas dispostas pola ladeira arriba xunto ao porto semellando un anfiteatro conforman un conxunto de beleza extraordinaria.

Miradoiro da Coriscada: A primeira parada proposta lévanos ao alto da Serra da Coriscada (523 m), aos pés dos inmensos muíños de vento podemos obter unha panorámica das Rías de Ortigueira e do Barqueiro.
Dende aquí divisamos o Cabo Ortegal e os Aguillóns con toda a súa espectacularidade, contrastada coa suavidade coa que o Río Sor se entrega preguiceiramente ao mar.

Miradoiro de Augas Caídas (ou Miradoiro do Couce): Remontando o curso do río accedemos a un balcón privilexiado polo encaixado val do Río Sor, acomodándo-

Ponte Segade

nos ás súas profundidades e non sendo apto para a xente con vertixe.
O Río Sor, que traza de Norte a Sur o límite administrativo entre as provincias de Lugo e A Coruña, é un dos sistemas fluviais mellor conservado de Galicia. Destaca entre os nosos ríos por ser o único que non se atopa represado para o aproveitamento hidroeléctrico e por soportar unha baixa presión demográfica.

Ponte Segade: Descendemos dende as alturas polas que discorriamos ata agora para chegar á mesma ribeira do río por unha sinuosa estradiña pola que coñeceremos o enxebre rural galego. Pastos, vacas, cabalos, peches de madeira, casas antigas cos seus tellados de lousa,...
Unha vez na área recreativa propoñemos gozar dun bo churrasco feito alí mesmo ou unha tortilla de patacas nun dos antigos refuxios de pedra dos pescadores, convertidos hoxe en merendeiros. Aínda que tamén dispón de bar.
Esta área recreativa é o complexo máis completo de toda a zona. Para os máis pequenos conta cun parque infantil, e na época de verán tamén hai instalacións dis-

San Mamede

poñibles con baños e duchas, así como a presenza dun socorrista.
Podemos pasar á outra beira do río pola Ponte do Porto, tamén coñecida como Ponte de Malvide. Consta de tres arcos de medio punto polo que se considera románica, aínda que non está clara a súa orixe e podería ser medieval. No centro da ponte hai un miliario sinalando o límite entre as dúas antigas provincias que no seu día foron Mondoñedo e Betanzos.

Igrexa de San Mamede de Grañas: Apenas desviándovos da estrada uns metros podedes acceder ao conxunto patrimonial que forman a igrexa de San Mamede, o seu cemiterio e a casa rectoral. O conxunto ao completo é dunha delicadeza de formas e dunha escala tan humana que consegue tranferir a quen o visita a harmonía das proporcións ben gardadas, entre si e coa paisaxe que o rodea.
A igrexa de San Mamede posúe unha planta de cruz latina, o brazo maior ten unha lonxitude de 41 m. Ten dous amplos pórticos para resgardarse da choiva e do vento, antigamente neles celebrábanse reunións de veciños e incluso festas, cando o tempo non era propicio.

Augas Caídas

Foi restaurada en tres ocasións, a máis recente no ano 1995. Existen documentos da primeira metade do século XVII que fan referencia á igrexa. En tempos pasados foi atendida polos frades de San Bernardo, que dependían do mosteiro de Meira, da orde do Císter.

Miradoiro da Faladoira: Seguimos gañando altura ata o punto que os fértiles prados, as aldeas dispersas e os bosques de frondosas deixaron paso a piñeiros cada vez máis retortos polas inclemencias, a terras que xa non poden ser traballadas e xa só fatos de cabalos habitan estes altos… eles e os omnipresentes e fóra de toda escala humana muíños de vento. Sorteámolos practicamente rozando as súas bases e escoitando as súas aspas virar e virar.
